

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0652	Xestión de recursos humanos	2022/2023	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ FRANCO URÍA, ALBA GORGOSO VILLAMARIN (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O centro educativo, I.E.S. ARMANDO COTARELO VALLEDOR, está situado en Vilagarcía de Arousa. Este sitúase nunha zona de periferia, a 2 Km. do centro urbano, nun núcleo limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán, polo tanto a maioría dos alumnos/as deben usar algún tipo de transporte para acercarse ao instituto.

As principais actividades económicas desta vila e os seus arredores son: pesca e marisqueo, agricultura, hostalería, elaboración de conservas, acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras) e o comercio.

Cabe destacar a elevada taxa de desemprego da comarca, así como o escaso tecido industrial. Isto deriva na valoración negativa da posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións dignas o que produce gran desmotivación.

Na última década sufriu unha rápida expansión urbanística dando lugar a unha poboación heteroxénea con características, necesidades e intereses diferentes.

Respecto a lingua, cabe dicir que o alumnado exprésase maioritariamente en castelán, aínda que no entorno familiar a lingua máis empregada é o galego. Ademais hai que destacar o escaso hábito de estudo e lectura do alumnado.

Os alumnos/as proceden dunha ampla zona xeográfica, pois é o único centro que ofrece algúns ciclos formativos que non se imparten noutros institutos da comarca como son:

C.S. de Administración de Sistemas Informáticos en Rede (réxime ordinario e adultos presencial), C.S. Desenvolvemento de aplicacións web (réxime ordinario e adultos presencial), C.S. Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma (réxime ordinario e modalidade dual), C.M. de Sistemas microinformáticos e redes, e C.M. de Xestión administrativa (réxime adultos presencial).

Ademais impártense: C.S. de Administración e finanzas, C.M. de Xestión administrativa, e Ciclo FP Básica de Informática e Comunicacions.

No IES impártense ademais Ensino secundario obrigatorio, Bacharelato Ciencias, Bacharelato de Humanidades e Bacharelato de Ciencias sociais en réxime de diúrno e nocturno.

O centro dispón dos seguintes recursos: vídeos, DVD, retroproectores en tódalas aulas, aula de usos múltiples, aula de música, laboratorios de bioloxía, física e química, taller de tecnoloxía, 15 aulas de informática e 1 biblioteca. Tódolos espazos unidos por rede xunto cos departamentos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A Contratación Laboral	Bases para a contratación laboral	30	15
2	O sistema da Seguridade Social	Explicación e financiación da Seguridade Social	30	15
3	Recibos de salario	Estudo e análise das nóminas	51	50
4	Extinción del contrato de trabajo	Finalización del contrato de trabajo	15	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A Contratación Laboral	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona a documentación que xera o proceso de contratación, aplicando a normativa.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionouse a normativa que regula a contratación laboral.
CA1.2 Identificáronse as fases do proceso de contratación.
CA1.3 Interpretáronse as funcións dos organismos públicos que interveñen no proceso de contratación.
CA1.4 Determináronse as modalidades de contratación laboral vixentes aplicables a cada colectivo, e os seus elementos.
CA1.5 Propúxose a modalidade de contrato máis adecuada ás necesidades do posto de traballo e ás características das empresas e dos traballadores e as traballadoras.
CA1.6 Especificáronse as funcións dos convenios colectivos e as variables que regulan en relación coa contratación laboral.
CA1.7 Cubriuse a documentación que se xera en cada fase do proceso de contratación.
CA1.8 Recoñecéronse as vías de comunicación convencionais e telemáticas coas persoas e os organismos oficiais que interveñen no proceso de contratación.
CA1.9 Comprobouse a inexistencia de erros.
CA1.10 Empregáronse programas informáticos específicos para a confección, o rexistro e o arquivo da información e da documentación salientable no proceso de contratación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Formalidades e documentación do proceso de contratación.
Documentos relativos ás modalidades contractuais ordinarias e as súas características.
Política laboral do Goberno: subvencións e axudas á contratación.
Rexistro e arquivo da información e da documentación relativa á contratación laboral na empresa.
Utilización de aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O sistema da Seguridade Social	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Caracteriza as obrigas administrativas da parte empresarial coa Seguridade Social, tramita a documentación e realiza os cálculos procedentes.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Recoñecéronse os trámites obrigatorios para a parte empresarial ante a Seguridade Social.
CA3.2 Selecionouse e analizouse a normativa que regula as bases de cotización e a determinación de achegas á Seguridade Social.
CA3.3 Calculáronse as principais prestacións económicas da Seguridade Social.
CA3.4 Elaborouse a documentación para os trámites de afiliación, alta, baixa e variación de datos nos diversos réximes da Seguridade Social.
CA3.5 Recoñecéronse as vías de comunicación convencionais e telemáticas, coas persoas e os organismos oficiais implicados no proceso de afiliación, alta, baixa e variación de datos.
CA3.6 Prevíronse as actuacións e os procedementos dos órganos inspectores e fiscalizadores en materia de seguridade social.
CA3.7 Recoñecéronse sistemas complementarios de previsión social.
CA3.8 Empregáronse programas informáticos específicos para a confección, o rexistro e o arquivo da información e da documentación salientable xerada na tramitación documental coa Seguridade Social.

4.2.e) Contidos

Contidos
Seguridade Social en España e outros organismos de previsión social: finalidade e campo de aplicación.
Utilización de aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos.
Estrutura administrativa da Seguridade Social.
Réximes do sistema da Seguridade Social: xeral e especiais.
Financiamento e prestacións da Seguridade Social.
Obrigas da parte empresarial coa Seguridade Social.
Incumprimento das obrigas da parte empresarial: consecuencias.
Liquidación de cotas á seguridade Social.
Arquivo da información e a documentación.
Sistemas de previsión social complementarios.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Recibos de salario	51

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Confecciona os documentos derivados do proceso de retribución de recursos humanos e as obrigas de pagamentos, aplicando a normativa.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse os procesos retributivos e as modalidades salariais.
CA4.2 Precísouse o concepto de salario mínimo interprofesional, IPREM ou outros índices, e a súa función na regulación salarial e nas prestacións da Seguridade Social.
CA4.3 Identificáronse os métodos de incentivos á produción ou ao traballo en función do posto.
CA4.4 Identificouse a documentación necesaria para efectuar o proceso de retribución.
CA4.5 Elaboráronse as nóminas calculando o importe dos conceptos retributivos, as achegas á Seguridade Social e as retencións á conta do IRPF.
CA4.6 Comprobouse a inexistencia de erros.
CA4.7 Analizáronse e calculáronse as achegas da empresa e do conxunto de traballadores e traballadoras á Seguridade Social.
CA4.8 Identificáronse os modelos de formularios e os prazos establecidos de declaración-liquidación das achegas á Seguridade Social e ingresos á conta das retencións do IRPF.
CA4.9 Confeccionouse a declaración-liquidación das achegas á Seguridade Social e ingresos á conta das retencións do IRPF.
CA4.10 Recoñecéronse as vías de comunicación convencionais e telemáticas, coas persoas e os organismos oficiais que interveñen no proceso de retribución e ingreso de declaración-liquidación.
CA4.11 Empregáronse programas informáticos específicos para a confección, o rexistro e o arquivo da información e da documentación salientable xerada no proceso de retribución.

4.3.e) Contidos

Contidos
Regulación legal da retribución.
Salario: clases.
Cálculo e confección de nóminas.
Documentos de cotización á Seguridade Social.
Declaración-liquidación de retencións á conta do IRPF.
Outros conceptos: anticipos e outros servizos sociais.
Comunicación cos organismos oficiais que interveñen no proceso de retribución de recursos humanos.
Arquivo da información e a documentación.
Utilización de aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Extinción del contrato de trabajo	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa as tarefas administrativas correspondentes á modificación, a suspensión e a extinción do contrato de traballo, aplicando a normativa e cubrindo a documentación aparelhada.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Seleccionouse a normativa que regula a modificación, a suspensión e a extinción do contrato de traballo.
CA2.2 Efectuáronse os cálculos sobre os conceptos retributivos derivados das situacións de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
CA2.3 Identificouse e cubriuse a documentación que se xera nos proceso de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
CA2.4 Recoñecéronse as vías de comunicación convencionais e telemáticas coas persoas e os organismos oficiais implicadas nun proceso de modificación, suspensión ou extinción de contrato de traballo.
CA2.5 Comunicáronselles en tempo e forma aos traballadores os cambios producidos pola modificación, a suspensión ou a extinción do contrato laboral.
CA2.6 Empregáronse programas informáticos específicos para a confección, o rexistro e o arquivo da información e da documentación salientable no proceso de modificación, suspensión ou extinción de contrato de traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Modificación das condicións do contrato de traballo.
Suspensión do contrato de traballo: causas e procedementos.
Extinción do contrato de traballo.
Xestión da documentación nos organismos públicos.
Rexistro e arquivo da información e da documentación.
Utilización de aplicacións informáticas de xestión de recursos humanos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Cumplimentar un contrato de traballo e atopar o convenio colectivo aplicable. Distinguir os aspectos básicos das normas de Dereito Laboral. Coñecer os descansos mínimos entre xornadas de traballo. Realizar nominas. Calcular indemnizacións por despedimento. Coñecer as causas de despedimento. Calcular finiquitos. Coñecer as causas de suspensión do contrato de traballo e o concepto mesmo de suspensión. Coñecer cál é a representación dos traballadores. Coñecer os fundamentos da folga. Distinguir os distintos reximenes da Seguridade Social. Coñecer as prestacións que proporciona a Seguridade Social. Calcular a prestación de incapacidade temporal e a de desemprego. Entender o concepto amplo da saúde.

A nota final será a media das notas de cada avaliación:

Cada unha das avaliacións se valorarán con: un examen que terá un valor do 80% da nota final e o 20% será da correcta elaboración de traballos e participación nas actividades propostas na clase. Na proba escrita (exame), o profesor poderá descontar 0,1 puntos por faltas de ortografía, aínda que ningún alumno suspenderá por tal motivo se demostra coñecemento dos contidos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas de recuperación levaranse a cabo con aqueles alumnos que non alcanzaran os mínimos de avaliación esixidos. Esta recuperación farase por medio de probas, similares ás feitas durante o curso, e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando o profesor o considere oportuno, poderá facerse unha proba de recuperación por cada trimestre.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos de 2º que perderan o dereito á avaliación continua poderán asistir ás clases aínda que non poderán presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación. Estes alumnos terán dereito a presentarse a una proba final, antes da avaliación final de módulos de 2º curso. Estes alumnos serán avaliados de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerárase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para avaliar a presente programación terase en conta: 1.- O seguimento trimestral da mesma, por parte dos profesores que impartan a asignatura, valorando: Os obxectivos acadados. A correcta secuenciación da materia. Os propios recursos empregados. A metodoloxía didáctica empregada. Nivel da clase. Dificultades atopadas. O profesor poderá introducir as medidas correctoras sempre que o estime oportuno. Periodicamente nas reunións de Departamento tratarase sobre estas cuestións facendo unha posta en común para tratar de obter as conclusións que sexan oportunas. 2.- Ao final de Curso, os profesores que impartan a asignatura, farán un resume global que terá en conta, a lo menos, os seguintes aspectos: o grado de cumprimento dos obxectivos acadados e dificultades atopadas. O informe final permitirá logo introducir as modificacións oportunas para os vindeiros cursos. Os procedementos de autoavaliación que se levarán a cabo son, entre outros, os seguintes: Histórico de aprobados: para tratar de ver a evolución do alumnado. Análise de causas. Tratando de coñecer as razóns do maior ou menor grao de consecución dos obxectivos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Como punto de partida realizarase unha avaliación inicial (mediante un cuestionario) que permitirá coñecer a formación básica do alumnado, así

como a homoxeneidade ou heteroxeneidade do grupo. Só así se poderá elaborar un currículo adaptado ás súas necesidades. É importante valorar a capacidade emprendedora do alumnado, tanto para recoller información como para responder ó descoñecido. Primarán o razoamento e a actitude positiva fronte ó memorismo como constatación de un aprendizaxe significativo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Considérase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo aquel que presenta necesidades educativas especiais debidas a diferentes graos e tipos de capacidades persoais de orde física, psíquico, cognitivo ou sensorial; o que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, incorpórese de forma tardía ao sistema educativo, así como o alumnado que precise de accións de carácter compensatorio. ¿Así mesmo, considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo a que presenta altas capacidades intelectuais, de acordo co que se establece no artigo 71.2º da LOE do 3 de maio de 2006¿. En conclusión, entre os alumnos con necesidades educativas específicas, non só están os que presentan discapacidade persoal asociada, senón tamén: Estranxeiros (normalmente con descoñecemento do castelán). Minorías culturais (cultura xitana), que pode presentar necesidades de compensación educativa. Outro alumnado (alumnos procedentes de familias desestruturadas, itinerantes, de ambientes carenciales, enfermidade, de ambientes desfavorecidos Pero tamén se inclúen os superdotados polas súas elevadas capacidades de carácter intelectual A resposta ás necesidades educativas especiais supón optimizar os recursos materiais e persoais e organizar os distintos tipos de reforzo que estes alumnos necesitan para desenvolver as súas capacidades desde unha perspectiva integradora e normalizadora. O apoio deséñase de forma individual e flexible. O modelo de apoio está condicionado polo tipo de necesidades educativas dos alumnos, a metodoloxía, e organización da aula, o grao de coordinación entre o profesorado, os profesores de apoio e outros especialistas de que se dispoña, etc¿ Modalidades de apoio: ¿ Individual ou en grupo. ¿ Dentro ou fóra da aula ordinaria. ¿ Previo á explicación do tema no grupo-clase. ¿ Simultáneo dentro do aula ordinaria. ¿ Posterior á explicación do tema. ¿ Calquera outra combinación. É preciso mencionar unha serie de medidas de aplicación para este tipo de alumnado: ¿ Potenciación de técnicas de grupo (que axuden a interactuar). ¿ Medidas de atención individual (seguimento permanente nas súas actividades, métodos, comportamento, caderno, etc.) ¿ Potenciación de técnicas que supoñan facer e non só conceptos teóricos. Trátase de que constrúan a súa propia aprendizaxe. ¿ As tecnoloxías da información e a comunicación ¿ Interrelación entre as distintas unidades de traballo. ¿ Flexibilidade nas estratexias educativas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Formar ao alumno dunha maneira integral implica non descoidala transmisión dos valores vixentes na sociedade actual, de tal maneira que temas como educación para a convivencia, educación para a paz, educación ambiental, educación para a igualdade, etc, estarán presentes en todo momento e impregnarán a actividade educativa diaria. Neste módulo estes contidos van a ser integrados dentro do currículo

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares que se realicen ao longo do curso académico, serán establecidas de común acordo co resto de profesores do Ciclo Formativo

10.Outros apartados

10.1) COVID-19

No caso de que suspéndase a actividade lectiva presencial por mor da crise sanitaria debida ao COVID-19, o procedemento para continuar dita actividade en caso de confinamento, será o emprego da aula virtual, a cal xa foi creada dende o inicio d actual curso académico, tendo en conta que neste curso, as actividades lectivas son semi presenciais.